School to School

Ideas xerais sobre coeducación

VicenteFerrer
Transforma la sociedad en humanidad

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA Y COOPERACIÓN
Cooperación Española

Idea resumo

Desde que nacemos, integramos estereotipos e modelos de conduta sexistas a partir do que vemos na casa, na escola ou nos medios de comunicación. Temos tan interiorizados estes modelos que non só os cumprimos, senón que tamén os esperamos dos demais de forma inconsciente. Por exemplo, espérase que as nenas sexan máis dóciles e tranquilas ca os nenos. Estes estereotipos limitan a forma de pensar, de sentir e de actuar dos nenos e nenas e impiden o desenvolvemento pleno das súas capacidades.

A escola non é neutra e xoga un papel fundamental na transmisión de valores. Para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria hai que eliminar as ideas preconcibidas do que se espera dos nenos e das nenas. Para iso, desde a escola cómpre detectar os estereotipos asignados ao masculino e ao feminino e tomar as medidas necesarias para eliminalos da nosa linguaxe e comportamento.

Coeducar significa educar desde a igualdade entre persoas, independentemente do seu sexo. A coeducación fomenta a autonomía real das nenas e os nenos, outorgándolles igualdade de oportunidades e entendendo que as diferenzas son positivas e enriquecedoras.

Exemplos que favorecen a coeducación na aula

• **Traballar e visibilizar o papel das mulleres na historia** difundindo as súas achegas e éxitos conseguidos como científicas, políticas, artistas ou deportistas.

• **Celebrar días claves para a igualdade** e contra a violencia de xénero na escola.

• **Reflexionar sobre os estereotipos asignados a cada sexo** a partir de lendas e contos tradicionais ou da análise das profesións. Por exemplo, pode a muller ser unha cabaleira que salva un príncipe dun monstro? Ou tamén, que pasa se é o pai o que é amo de casa? Hai nais enxeñeiras, mecánicas ou bombeiras?

• **Evitar imaxes de mulleres relacionadas unicamente co ámbito doméstico.** Así mesmo, promover a asunción de responsabilidades domésticas ou relacionadas cos coidados por parte dos nenos. Por exemplo, coidar unha mascota de clase, regar unha planta ou recoller e limpar a aula.

• **Dar máis tempo de uso da palabra ás nenas** se se detecta que participan pouco na clase, ou que lles custa máis intervir ca aos nenos.

• **Observar o espazo que ocupan nenas e nenos no recreo.** É o mesmo? Fomentar os espazos deportivos compartidos por nenos e nenas no recreo.

• **Visibilizar a asignación tradicional de roles a nenos e nenas.** Por exemplo, presumir que as nenas preferirán saltar á corda e que os nenos quererán xogar ao fútbol.

• **Revisar o uso da linguaxe** alternando o uso gramatical do feminino e do masculino e dos xenéricos:

- **Uso de xenéricos:** alumnado, profesorado, persoa solicitante.
- **Duplo xénero:** as traballadoras e os traballadores, as nenas e os nenos.
- **Usar o xénero feminino nas profesións:** científica, presidenta, xuíza, dependenta, etc.

A coeducación e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Non pode existir unha sociedade realmente transformadora sen situar no centro das relacións a igualdade de xénero. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible outorgan unha atención especial á loita contra a violencia, e sitúan a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas como un elemento central para lograr o desenvolvemento sostible, concretamente no ODS 5 (Igualdade de xénero), pero tamén noutros como o 4 (Educación de calidade), o 10 (Redución das desigualdades) ou o 16 (Paz, xustiza e institucións sólidas).

Glosario

Sexo
Características físicas e biolóxicas das persoas que nacen como homes e mulleres. A característica máis visible é o aparello reprodutor: as mulleres teñen vaxina e os homes pene.

Xénero
Conxunto de características sociais, culturais, políticas, psicolóxicas, xurídicas e económicas construídas socioculturalmente e que a sociedade asigna ás persoas de maneira diferenciada, como propias de homes e mulleres.

Roles de xénero
Pautas de comportamento asociadas ao xénero que se percibe en cada persoa.

Estereotipos de xénero
Opinión ou un prexuízo xeneralizado sobre atributos ou características que homes e mulleres posúen ou deberían posuír ou das funcións sociais que ambos desempeñan ou deberían desempeñar.

Cisxénero
Persoa cuxo sexo de nacemento encaixa exactamente coa súa identidade sexual.

Cousificación do corpo feminino
Representar ou tratar unha muller como un obxecto sexual, ignorando as súas cualidades e habilidades intelectuais e persoais e reducíndoas a un mero instrumento ou ben de consumo. É violencia simbólica.

Brecha de xénero
Diferentes posicións, recursos e poder entre homes e mulleres. Calcúlase restando a taxa feminina e a taxa masculina. Canto menor sexa a brecha, máis preto estaremos da igualdade.

Dupla xornada
Expresión que denuncia o tempo que moitas mulleres se encontran obrigadas a dedicar tanto ás tarefas domésticas e de coidado das persoas e familiares como ao traballo remunerado no mercado formal o informal.

***Manspreading* (escarranchamento masculino)**
Acción exercida por un home cando senta nun asento público coas pernas abertas e ocupa o espazo de máis dunha persoa. Amosa a tendencia a agrandar o espazo masculino e reducir o feminino.

***Mansplaining* (home explicando)**
Termo que provén da composición das palabras “man” e “explaining”, que se traduciría como "home explicando". Cando un home interrompe unha muller para explicarlle algo de maneira condescendente, polo simple feito de asumir que el ten un mellor manexo do tema que se estea tratando sen ningún tipo de proba, desacreditando a súa interlocutora simplemente polo seu xénero. O termo adquiriu visibilidade grazas á escritora estadounidense Rebecca Solnit.

Linguaxe inclusiva

Toda expresión verbal ou escrita que utiliza preferiblemente vocabulario neutro, ou ben fai evidente o masculino e o feminino, evitando xeneralizacións do masculino para situacións ou actividades onde aparecen mulleres e homes.

Brecha salarial

É o que gaña menos unha muller de media con respecto ao que gaña un home de media. Vese máis reflectida nas pagas complementarias ca no salario base.

Identidade de xénero

Percepción subxectiva que un individuo ten respecto ao seu propio xénero, coincida ou non coas súas características sexuais biolóxicas.

División sexual do traballo

Modo no que cada sociedade organiza a distribución do traballo entre os homes e as mulleres, segundo os roles de xénero establecidos que se consideran apropiados para cada sexo. A distribución social das tarefas parte do sexo biolóxico e divídese en traballo produtivo e reprodutivo; baixo esta perspectiva asígnaselles aos homes o espazo público (traballo produtivo, remunerado) e ás mulleres o espazo privado (traballo de reprodución, coidados). Trátase dunha construción social, interiorizada de tal forma que se considera que os roles tradicionais corresponden, en realidade, á natureza e capacidades de homes e de mulleres.

Patriarcado

Organización social na que o home ten o poder. Agora mesmo na nosa sociedade todo o poder recae nos homes: o poder político, financeiro, económico, cultural e social. O home toma as decisións e é o tamaño de todas as cousas: a linguaxe estrutura en masculino xenérico, os cargos de poder e responsabilidade nas empresas e en política están en mans masculinas, a construción social do sexo está enfocada ao pracer sexual masculino, as familias estrutúranse en torno a un cabeza de familia masculino que ata hai pouco era o que daba o apelido.

Feminismo

Movemento social que esixe a igualdade de dereitos das mulleres fronte aos homes. O feminismo, actualmente, constitúese como unha corrente de pensamento que aglutina un conxunto de movementos e ideoloxías, tanto políticas como culturais e económicas, co obxectivo fundamental de lograr a igualdade de xénero e a transformación das relaciones de poder entre homes e mulleres. Neste sentido, algunhas conquistas dos movementos feministas foron o acceso á educación, o dereito ao sufraxio ou a protección dos seus dereitos sexuais e reprodutivos, entre moitos outros relativos aos valores cidadáns e democráticos.

Carga mental

A labor de planificación, organización e toma de decisións no fogar asumidas xeralmente polas mulleres para conseguir un resultado concreto. Tradúcese nunha pesada mochila de pensamentos, recordatorios e pendentes relacionados co traballo, a casa, a familia, as amizades, cos que as mulleres cargan e que pode aumentar o estrés e a ansiedade.

Vídeo inspirador

PARA O PROFESORADO:

"Cómo educar en la igualdad de género". Marina Subirats, socióloga. Aprendemos Juntos. Xuño 2018
https://www.youtube.com/watch?v=gl6c1kLrJnU&ab_channel=AprendemosJuntos

"¿Muñecas para niñas y robots para niños?" BBC Mundo 2017. O experimento da BBC que amosa como os estereotipos de xénero poden marcar os xoguetes que eliximos.
https://vimeo.com/460856521

PARA O ALUMNADO:

Mulleres que fixeron historia. Draw My Life en castelán. Marzo 2019
https://www.youtube.com/watch?v=xTVuVK8k0ig&ab_channel=DRAWMYLIFEenEspa%C3%B1ol

"Superlola". La Señora Malilla, contos coeducativos. Instituto Andaluz da Muller. Febreiro 2014.
Vídeo:
https://www.youtube.com/watch?v=LVAfqiVM9qw
Conto e guía didáctica:
https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/4213_d_SuperLola.pdf

WEBGRAFÍA:

"La coeducación y la gestión de la diversidad en las aulas. Un dosier dirigido al profesorado de primaria y secundaria". Educación sin Fronteras; Fil a l'agulla. Novembro 2013.
http://www.educatolerancia.com/wp-content/uploads/2016/12/maquetacion-castellano.pdf

"Coeducación". Xunta de Andalucía, Instituto Andaluz da Muller. Consellería de Igualdade e Políticas Sociais.
http://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/index.php/areas-tematicas/coeducacion

Club Peques Lectores, "20 cuentos coeducativos para la igualdad", Marzo 2020.
http://www.clubpequeslectores.com/2016/03/cuentos-igualdad-coeducacion.html

Guía de comunicación inclusiva para construir un mundo más igualitario. Concello de Barcelona.
https://ajuntament.barcelona.cat/guia-comunicacio-inclusiva/es/

«Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) con cargo ao proxecto "Un mundo, 17 retos. Achegando a Axenda 2030 e os ODS á comunidade educativa". O seu contido é responsabilidade exclusiva da Fundación Vicente Ferrer e non reflexa necesariamente a opinión da AECID».